



# BOP

LUNS, 27 DE FEBREIRO DE 2023

N.º 047

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

FRIOL

*Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XANEIRO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de XANEIRO de 2023, por un importe total de 6.410,02 Euros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcurrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adbedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 20 de febreiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0515

### A PONTENOVA

*Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE XANEIRO 2023.**

Por Resolución de alcaldía do 15 de febreiro de 2023, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 10 de marzo de 2023 ao 10 de maio 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 10 de marzo de 2023 ao 10 maio de 2023**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 15 de febreiro de dous mil vinte e tres .

A Pontenova, 16 de febreiro de 2023.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0509

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 17 de febreiro de 2023 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **NOVEMBRO-DECEMBRO 2022**, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderán ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 17 de febreiro de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0510

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2023, acordou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal seguinte:

Ordenanza Fiscal T3, TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO CONSISTENTE NA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE DO CONCELLO DE RIBADEO.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 20 de febreiro de 2023.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0516

**TRABADA***Anuncio***DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido erro no apartado 1) da clausula terceira das bases específicas para a convocatoria do proceso selectivo para a provisión de 1 praza de Limpador/a no Concello de Trabada, mediante o sistema de concurso- oposición en réxime de persoal laboral fixo incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 298 de data 30 de decembro de 2022, procédese a afectar a seguinte corrección de erros:

**Onde dí:**

*“Terceira.- Requisitos específicos dos aspirantes.*

*Ademais dos establecidos nas bases xerais, os aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:*

*1.- Titulación: Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente*

*( ... )”*

**Debe dicir:**

*“Terceira.- Requisitos específicos dos aspirantes.*

*Ademais dos establecidos nas bases xerais, os aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:*

*1.- Titulación: Certificado de escolaridade*

*( ... )”*

Ábrese un prazo extraordinario de 20 días hábiles para presentar novas solicitudes que estivesen directamente afectadas pola presente dilixencia de corrección de erros, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Trabada, 22 de febreiro de 2023.- Sra. Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0517

**VIVEIRO***Anuncio*

Visto o convenio de cooperación da xunta cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, asinado con este Concello.

Visto o Diario Oficial de Galicia N.º 204 de data 22 de outubro de 2021, no que se publica a Orde de 05 de outubro 2021, pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso.

Vista a comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública, con número de rexistro neste Concello 2022-E-RC-2179, na que se nos indica que a persoa que habendo superado o referido proceso selectivo convocado é, Dña. Judit Dopico García, informando, aos efectos do seu nomeamento como funcionario en prácticas, escala básica, categoría de policía no Corpo de Policía Local e indicando que o curso selectivo comeza o día 27 de abril de 2022.

Visto que en data 07 de febreiro de 2023, recibese informe da Academia Galega de Seguridade Pública na que certifica que Dña. Judit Dopico García superou o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, de acordo co previsto no artigo 19 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívicos da Administración Xeral do Estado,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Nomear funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, Subescala Servicios Especiales, clase Policía Local, Escala básica, categoría Policía do Concello de Viveiro, a Dna. Judit Dopico García, segundo o informe da Escola Galega de Seguridade, e con efectos do 14 de febreiro de 2023.

**SEGUNDO.-** Publicar no Boletín Oficial da provincia de Lugo(BOP), dita resolución.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución á interesada e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e ao Jefe da Policía Local.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 13 de febreiro 2023

Viveiro, 13 de febrero de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, O Secretario Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade

R. 0511

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

Dado que o Concello de **NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO/A** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.

2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3º) Méritos que estimen oportunos.

4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 10 de febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0518

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**O INCIO: titular: DOÑA MARÍA PILAR GALLEGO NÚÑEZ. DNI 34259424G.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0519

---

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023** acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

**AS NOGAIS: substituta: DOÑA MARÍA OLGA AIRA SACO. DNI 33326253N.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0520

---

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**RIOTORTO: titular: DOÑA MARÍA DOLORES TOJAL GONZÁLEZ. DNI 76566819 A.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0521

---

*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**RIOTORTO: substituta: DOÑA MARÍA GORETTI GAVÍN BRAÑA. DNI 33344028P.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu

nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0522

---

### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

**NAVIA DE SUARNA: substituta: DOÑA MARÍA CARMEN FERNÁNDEZ GÓMEZ. DNI. 33324688B.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0523

---

### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **20/01/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**BÓVEDA: titular: DOÑA MANUELA LÓEZ LÓPEZ. DNI 34242966Z.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0524

---

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA NO COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE QUE PARTICIPEN EN CAMPEONATOS DE ESPAÑA, DE EUROPA O MUNDIALES ENTRE EL 15.10.2022 Y EL 13.10.2023**

BDNS(Identif.): 677736

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/677736>)

**OBJETO DE LA SUBVENCIÓN:**

El objeto de la presente convocatoria es la ordenación del procedimiento aplicable para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia no competitiva, a clubs deportivos del Concello de Monforte que participen en Campeonatos de España, de Europa o del mundo propios de su modalidad deportiva.

**BENEFICIARIOS:**

Las asociaciones y clubs deportivos legalmente constituídos, que estén inscritos en el Registro Municipal de Asociaciones Deportivas, que tengan su domicilio social en el Concello de Monforte de Lemos y que cumplan, además de los señalados en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en el art. 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, los requisitos establecidos en las Bases

**CUANTÍA Y LÍMITES DE LAS SUBVENCIONES:**

Las cuantías establecidas son las siguientes:

**MODALIDADES DEPORTIVAS DE EQUIPO (fútbol, voleibol, baloncesto, etc.):**

Participación en un campeonato de España 1.000,00 €

Participación en un campeonato de Europa organizado en España 1.000,00 €

Participación en un campeonato de Europa organizado fuera de España 1.500,00 €

Participación en un campeonato del mundo organizado en España 1.000,00 €

Participación en un campeonato del mundo organizado fuera de España 2.000,00 €

**MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUALES (natación, piragüismo, etc.):**

Participación en un campeonato de España 200,00 € por deportista hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato de Europa organizado en España 200,00 € por deportista hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato de Europa organizado fuera de España 300,00 € por deportista hasta un máximo de 1.500 €

Participación en un campeonato del mundo organizado en España 200,00 € por deportista hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato del mundo organizado fuera de España 400,00 € por deportista hasta un máximo de 2.000 €

**LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN:** La instancia con la restante documentación solicitando la subvención, se presentará en el Registro General del Concello, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo o en cualquiera de las formas previstas en el artículo 38.4 de la Ley 30/92, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. El plazo de presentación de solicitudes comenzará al día siguiente de la publicación del anuncio de aprobación de las presentes bases en el Boletín Oficial de la Provincia y finalizará el 13 de octubre de 2022.

**BASES REGULADORAS:** Se podrán consultar en la siguiente dirección: BASES\_SUBVENCIONS\_CAMPIONATOS\_ESPAÑA\_EUROPA\_MUNDIAIS\_2023\_GALEGO.PDF (monfortedelemos.es)

Monforte de Lemos, 22 de febrero de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0525